

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO  
Dirección Xeral de  
Fomento e Calidade da Vivenda

PROCEDEMENTO <b>ADQUISICIÓN DE VIVENDA DECLARADA DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI428A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	CIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
INGRESOS FAMILIARES _____ €.	COMPOSICIÓN FAMILIAR	

<b>EXPÓN:</b> que é adquirente da seguinte vivenda declarada de protección autonómica de			
PLANTA	TIPO <input type="checkbox"/> RÉXIME ESPECIAL <input type="checkbox"/> PREZO XERAL <input type="checkbox"/> PREZO CONCERTADO	SUP. ÚTIL _____ M <sup>2</sup>	
GARAXES VINCULADOS	SUP. ÚTIL _____ M <sup>2</sup>	ROCHOS VINCULADOS	SUP. ÚTIL _____ M <sup>2</sup>
EXPEDIENTE	COMPOSICIÓN FAMILIAR		
ZONA TERRITORIAL 1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/>	ÁMBITO TERRITORIAL DE PREZO MÁXIMO SUPERIOR C <input type="checkbox"/>	PROMOTOR	
DATA DO CONTRATO DE COMPRAVENDA		PREZO _____ €.	

**SOLICITA** as seguintes axudas financeiras:

- SUBROGACIÓN NO PRÉSTAMO ACOLLIDO A CONVENIO DO PROMOTOR  
 PRÉSTAMO DIRECTO AO ADQUIRENTE

E como adquirente dunha vivenda de primeiro acceso **SOLICITO**:

- A SUBSIDIACIÓN DO PRÉSTAMO CONVIDO  
 A AXUDA ESTATAL DIRECTA Á ENTRADA  
 A AXUDA ESTATAL DIRECTA Á ENTRADA DO ART. 75 DO R.D. 801/2005 PARA XENTE MOZA

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>R.D. 801/2005, do 1 de xullo. Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE  _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en \_\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- DNI/CIF (fotocopia cotexada).
- Certificado<sup>(\*)</sup> das rendas expedido nos termos do R.D. 801/2005, do 1 de xullo, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.  
De non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para os que presentaron o modelo de solicitude de devolución 104-105 e certificado<sup>(\*)</sup> acreditativo do nivel de rendas do correspondente exercicio expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.  
Nos demais casos declaración responsable de todos os ingresos obtidos e certificado<sup>(\*)</sup> acreditativo do nivel de rendas do correspondente exercicio, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que corresponda, xuntando ademais os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas que estivese de alta neste exercicio e, se é o caso, certificado de pensións, certificado do INEM, e certificados das entidades bancarias.  
No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada, se é o caso, pola agregaduría laboral correspondente ou delegación consular de España.  
No suposto de xente moza de idade non superior a 35 anos a acreditación dos ingresos deberá vir desagregada para cada un dos membros da unidade familiar.
- Certificación de ámbito nacional emitida polo rexistro da propiedade acreditativa de que ningún membro da unidade familiar é titular do dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre unha vivenda.
- Acreditación da composición da unidade familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable e copia cotexada do libro de familia.
- De ser o caso, título de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia.
- Fotocopia da declaración provisional ou definitiva ou, no seu defecto, nome do promotor, situación da vivenda e número de expediente de construción.
- Copia do contrato de compravenda, debidamente visado polos servizos da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo.
- Acreditación, de ser o caso, das persoas da unidade familiar con minusvalidez, nas condicións establecidas na lexislación sobre o imposto sobre a renda das persoas físicas ou de que a unidade familiar ten ao seu cargo algunha persoa de máis de sesenta e cinco anos.
- De ser o caso, acreditación das circunstancias do art. 25.4 a), c) e d) do R.D. 801/2005, de familia monoparental e de vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo.

(\*) A presentación deste certificado non será obrigatoria xa que, consonte co establecido no artigo 14 do Decreto 18/2006, esta solicitude comportará a autorización para que a Consellería de Vivenda e Solo solicite o dito certificado da Administración correspondente.

## OPCIÓN DO SOLICITANTE

Segundo o artigo 8.4 do R.D. 801/2005, do 1 de xullo, a suma das axudas estatais directas e as axudas directas achegadas polas comunidades autónomas, xunto co préstamo convido, se é o caso, non poderán superar o prezo, custo ou orzamento protexido, segundo corresponda das actuacións protexidas.

En consecuencia, no caso de que a suma das subvencións estatais e autonómicas máis o préstamo superen o prezo da vivenda que se adquire OPTO por:

- Conservar a totalidade do préstamo máximo ao que teña dereito e as axudas estatais directas á entrada e que se axuste a contía das subvencións da Comunidade Autónoma para que non se supere o límite establecido.
- Conservar a totalidade das axudas estatais directas á entrada e das subvencións da Comunidade Autónoma e que se axuste a contía máxima do préstamo para que non se supere o límite establecido.

Don / Dona \_\_\_\_\_ de estado civil \_\_\_\_\_  
veciño/a de \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ provisto de documento nacional de identidade nº \_\_\_\_\_

Comprador da seguinte vivenda declarada de protección autonómica:

Localidade \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_  
tipo \_\_\_\_\_, planta \_\_\_\_\_, expediente \_\_\_\_\_

DECLARACIÓN PROVISIONAL: \_\_\_\_\_

PROMOTOR: \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

Que nin el (nin, se é o caso, o seu cónxuxe ou adquirente adicional) é/son titular/es do dominio ou dereito real de uso ou desfrute sobre algunha outra vivenda de protección pública, nin en calquera caso, sobre unha vivenda libre.

**COMPROMÉTESE:**

A destinar a vivenda a residencia habitual e permanente, no prazo de tres meses, contados a partir da data de entrega das chaves.

E para que así conste, para os efectos de "AXUDAS ECONÓMICAS", asino a presente solicitude en:

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

(Sinatura)

*(Só no caso de primeiro acceso á vivenda en propiedade)*

**DECLARA:**

Que nin el (nin, se é o caso, o seu cónxuxe ou adquirente adicional, tivo/tiveron anteriormente vivenda en propiedade.

(Sinatura)